



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	

5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO OZAMENTO DO CONCELLO DE CULLEREDO A FAVOR DO CLUB DE BALONCESTO CULLEREDO, PARA A PROMOCIÓN DO BALONCESTO.

Culleredo, 9 de Xuño de 2017

REUNIDOS

Don Julio Sacristán de Diego, alcalde do CONCELLO DE CULLEREDO, con domicilio en rúa Concello, núm. 12 Tarrio Culleredo 15189 A Coruña, e

Don Francisco Botas Lamas, con NIF , presidente do CLUB BALONCESTO CULLEREDO, con sede social en rúa Ramón Cabanillas núm. 14, O Burgo Culleredo 15670 A Coruña e CIF:

Intervindo en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

C.I.F. P.1503100-H

I.- Que o Concello de Culleredo considera de interese xeral e ten como obxectivo proporcionar alternativas formativas vinculadas ao eido deportivo como unha medida preventiva e de integración social. Nesta liña, o concello pretende a promoción da práctica do deportes afeccionado no termo municipal e, en especial, aqueles deportes con menor implantación que necesitan máis apoio dado que, con certa frecuencia, nin as grandes compañías invisten recursos neles nin as Federacións dispoñen de recursos, son os practicantes e as familias os que teñen que fazer fronte aos gastos que supoñen as competicións federadas.

II.-Que o Club Baloncesto Culleredo é a entidade que organiza toda a actividade especializada de baloncesto neste termo municipal dende hai máis de 12 anos, mobilizando a máis de 260 rapaces/as ao ano, incrementando a súa actividade a partir do ano 2015, coa creación de equipos femininos e ampliando a participación en máis categorías.

Tanto o funcionamento interno como a imaxe externa proxectada polo Club é excelente, recibindo felicitacións por parte da Federación e de outros Clubs tanto o Club como o Concello, pola organización dos eventos e campionatos e pola formación deportiva e humana dos seus componentes.

A actividade que desenvolve o Club viuse incrementada nos últimos anos por un crecemento da demanda formativa, o que supón maiores gastos en fichas federativas, arbitraxes, desprazamentos, etc e por tanto necesita duns recursos ordinarios maiores aos que ven manexando ata agora, dado que cos recursos actuais é praticamente imposíbel manter a estabilidade do proxecto deportivo e formativo.



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	

5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY

III.- Que no seu artigo 25, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local, atribúeselle aos concellos, entre outras, a competencia para a promoción do deporte, instalacións deportivas e ocupación do tempo libre.

Para a consecución destes obxectivos, o Concello de Culleredo busca liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñan entre as súas función estes mesmos fins, e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política municipal neste ámbito.

En virtude do exposto, as partes que interveñen acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:

#### CLAÚSULAS:

##### I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Culleredo e o Club de Baloncesto Culleredo (en adiante entidade beneficiaria), para o financiamento da promoción do baloncesto, favorecendo a formación e ocupación do tempo libre dos habitantes deste termo municipal.

##### II.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Para o seguimento deste convenio e dos seus fins poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimento, de carácter paritario, na que estarán representados, por parte do Concello de Culleredo o seu Alcalde e o Concelleiro de Deportes e Ocupación do Tempo Libre e, por parte da entidade beneficiaria, a seu presidente/a e un/unha representante da xunta directiva da entidade.

As funcións desta comisión concrétanse en:

- Facer un seguimento do cumprimento dos contidos contemplados nas cláusulas deste convenio.
- Revisar os acordos actuais e dar o visto e prace ás addendas que puidesen sumarse a este acordo.
- Representar os intereses do Concello de Culleredo e da entidade beneficiaria relativos ao contido deste convenio ante as institucións públicas ou privadas coas que sexa preciso relacionarse para a consecución dos obxectivos.
- Formular cantas propostas sexan necesarias para enriquecer e mellorar o obxecto deste convenio.

##### III.- COMISIÓN TÉCNICA.

Poderá crearse tamén unha Comisión Técnica de Traballo, tamén paritaria, que será designada pola Comisión de Seguimento. Esta comisión terá as seguintes funcións:



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY

- Coordinar tecnicamente as accións a implementar para dar cumprimento aos fins deste convenio.
- Elevar cantas propostas técnicas sexan necesarias á Comisión Mixta de Seguimento para enriquecer e mellorar o obxecto deste convenio.

#### IV.- COMPROMISOS DAS PARTES.

1. O Concello de Culleredo comprométese a:

- Facilitar os recursos humanos da Comisión Técnica de traballo prevista.
- Realizar unha achega económica por importe máximo de 5.000 € (cinco mil euros), destinada a financiar gastos de desprazamento da entidade beneficiaria.

2. A entidade beneficiaria, pola súa banda, adquire os seguintes compromisos:

- Desenvolver a actividade deportiva de baloncesto ao longo da tempada 2016/2017 en Culleredo e, de conformidade coa normativa interna do Club, participarán nas categorías federadas ou manterán a Escola de Baloncesto, ata a categoría de xuvenís incluída, tanto masculina como feminina.
- Dar cabida a todos os nenos/as entre 4 e 18 anos do Concello que desexen practicar esta modalidade deportiva, sempre que estes acepten as normas internas da entidade deportiva.
- Facerse cargo de todos os gastos de funcionamento do Club en todas as categorías, de acordo coa súa normativa interna.
- Dar publicidade o financiamento deste concello de acordo co establecido na Cláusula VII.
- Presentar ao Concello de Culleredo xunto coa xustificación unha memoria de actividades referida á temporada 2016/2017, así como una proposta de próximas actuacións.

#### V. FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE .

- O Concello de Culleredo contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na Cláusula I. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total da achega concedida, o Concello só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificado.
- A subvención do Concello de Culleredo é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

C.I.F.P-1503100-H



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	

5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY

## VI.- GASTOS SUBVENCIONABLES. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido (cláusula IX.1).

O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

## VII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO LOCAL E COMPROMISO DO USO DA LINGUAJE NON SEXISTA E DA LINGUA GALEGA.

1. Nos desprazamentos que realicen os equipos e na publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de Culleredo.
2. A entidade beneficiaria, nas súa comunicacíons e publicidade, comprométese ao uso da lingua galega e á utilización da linguaxe non sexista.
3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria.

## VIII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA LOCAL.

A subvención farase efectiva en dúas fases:

- 1.- O 75% da axuda, mediante pagamento anticipado, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á mesma, sen que, dado o seu importe sexa necesario que o beneficiario constitúa garantía algúnhha.
- 2.- A cantidade restante, unha vez presentada a xustificación de ter gastado unha cantidade igual ou superior á concedida.

Unha vez percibida a axuda e antes da finalización do prazo establecido ao efecto, a entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados nos conceptos finanziados, na que se indiquen os acredores co seu NIF/CIF, os documentos xustificativos, os importes e, no



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	



5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY

seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na Cláusula X.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. No caso de percibir outras axudas ou subvencións, haberá de acreditar que as axudas ou subvencións percibidas non superan o gasto realizado.
- Certificación da conta bancaria, onde se ingresará a axuda.
- Proba do cumprimento das obrigas assumidas na Cláusula VII, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

A vista da documentación xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, os responsables da unidade xestora emitirán un informe acreditativo da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención

#### IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

C.I.F.P-1503100-H

1. As actividades que son obxecto de financiamento, tal como están descritas na Cláusula I, deberán corresponder á tempada 2016/2017, e estar executadas entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de xullo de 2017 e rematadas polo menos antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na Cláusula XV.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a Cláusula VIII, ata do 30 de setembro de 2017.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións, lle poida corresponder.
4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenga desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY	

## X. - ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Seguridade Social e co Concello. E para tal fin poderá autorizar ao Concello de Culleredo a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Culleredo determinarase de oficio por este.

## XI.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos obxecto financiamento de acordo con este convenio.

2. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## XII.- CONTROL FINANCIERO DO CONCELLO DE CULLEREDO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XIII.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.



**CULLEREDO**  
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas.

#### XIV.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial do Provincia da Coruña e na páxina web: [www.culleredo.es](http://www.culleredo.es).

#### XV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo de 2017.
2. Previa solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos quince días antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes técnicos oportunos.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XVI.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.



Código do documento	Código do expediente
UEH11I008T	UEH/2017/27
Código de Verificación Electrónica (COVE)	



5V2U 730B 3G6P 4403 0XFY

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Alcalde- Presidente do Concello, previos os informes técnicos oportunos.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista no Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DO  
CONCELLO DE CULLEREDO



O REPRESENTANTE  
DO CLUB DE BALONCESTO CULLEREDO

Francisco Botas Lamas

C.I.F.P-1503100-H